



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/07/2021 9:05:12

SAIDA

11570/21



Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 51/2021**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] mediante escrito do 6 de maio de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 20 de xullo de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 6 de maio de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución da Dirección Xeral Patrimonio Cultural do 6 de abril de 2021, pola que se concede o acceso á información sobre bens patrimoniais do Castro da Trindade GA27030022 (Mondoñedo, Lugo), do Castro de Flores GA27027012 (Lourenzá, Lugo) e do Territorio Histórico do Camiño de Santiago do Norte, ao seu paso polos Concellos de Mondoñedo e Lourenzá.

A entidade reclamante expón que solicitou consulta e copia dos expedientes relacionados cos bens patrimoniais do Castro da Trindade GA27030022 (Mondoñedo, Lugo), do Castro de

Flores GA27027012 (Lourenzá, Lugo) e do Territorio Histórico do Camiño de Santiago do Norte, ao seu paso polos Concellos de Mondoñedo e Lourenzá seguintes:

- 11705.7 tramitado pola Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio para o expediente P.3.Q/21991/17
- 11705.12 tramitado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para 10/P.O.C. 006025.
- 11705.14 tramitado no Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para RSCTG 105/2018
- 11705.15 tramitado no Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para RSCTG 104/2018
- tramitado no Servizo de Vixilancia e Inspección da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- 11705.17 tramitado no Servizo de Vixilancia e Inspección da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

E por resolución do 6 de abril de 2021, se lle deu acceso aos expedientes 11705.7, 11705.16 e 11705.17, e se lles desestimou por silencio administrativo a solicitude de acceso aos expedientes 11705.12, 11705.14 e 11705.15.

Segundo. Con data do 7 de maio de 2021, déuselle traslado da documentación achegada pola entidade reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 12 de maio de 2021, sen que pola dita Consellería se remitise copia do expediente e o informe solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública,

poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A resolución impugnada foi notificada con data do 7 de abril de 2021, e a entidade interesada interpuxo reclamación ante esta Comisión con data do 6 de maio de 2021, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A asociación interesada solicitou consulta e copia de varios expedientes relacionados cos bens patrimoniais do Castro da Trinidad, Castro de Flores GA27027012 e do Territorio Histórico do Camiño de Santiago do Norte, ao seu paso polos Concellos de Mondoñedo e Lourenzá e se lle deu acceso a parte dos solicitados, sen darlle acceso ao 11705.12 tramitado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para 10/P.O.C. 006025, o 11705.14 tramitado no Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para RSCTG 105/2018 e 11705.15 tramitado no Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para RSCTG 104/2018.

Na dita resolución, non constan motivos polos que non se dá acceso aos expedientes solicitados.

Pola Comisión da Transparencia solicitouse á Consellería a achega do seu criterio respecto da reclamación presentada, mediante a remisión de informe e copia do expediente que non se recibiu, o que obriga a continuar a tramitación do expediente sen os seus argumentos.

A Comisión non ten información sobre o contido concreto dos documentos solicitados, pero ao tratarse de información pública, por ser elaborada ou adquirida no exercicio das súas funcións, debe a Consellería, de conformidade co disposto no artigo 19.2 da Lei 19/2013, dar audiencia se procede, ás persoas que ostenten dereitos ou intereses nos expediente solicitados, e unha vez finalizado este trámite, resolver expresamente sobre o acceso, examinando previamente se a información solicitada esta afectada por algún dos límites de acceso previstos na Lei 19/2013, en cuxo caso deberá, de forma motivada, dissociarse os datos de carácter persoal existentes ou eliminar se procede, os contidos parciais que poidan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (artigos 14.2 da referida Lei).

A resolución que se pronuncie, debe formalizarse coa oferta de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta a oferta do correspondente recurso substitutivo.

Debe lembrarse que consonte o disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaición de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Así mesmo, debe lembrarse á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obrigaición de remitir a esta Comisión os informes que se lle requiran, para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED], contra a resolución da Dirección Xeral Patrimonio Cultural do 6 de abril de 2021, pola que se concede o acceso á información sobre bens patrimoniais do Castro da Trinidad GA27030022 (Mondoñedo, Lugo), do Castro de Flores GA27027012 (Lourenzá, Lugo) e do Territorio Histórico do Camiño de Santiago do Norte, ao seu paso polos Concellos de Mondoñedo e Lourenzá.

Segundo: Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos

artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.07.22 11:36:07 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.